



Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Presentación

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ten unha ampla traxectoria dentro da nosa universidade. A principios dos 70 xa se impartían ensinanzas de Ciencias Económicas no antigo Colexio Universitario de Vigo, que en 1980 pasaría a integrarse na Universidade de Santiago de Compostela. En 1990 segrégase no Campus de Vigo, o que suporá o nacemento da Universidade de Vigo.

No curso 1991/92 iníciase a docencia das licenciaturas de Ciencias Económicas e de Ciencias Empresariais no edificio actual, rexistrándose dos procesos de reforma dos seus plans de estudos nos anos 1995 e 2002. A raíz da promulgación do RD 1393/2007 sobre ordenación das ensinanzas universitariasponse en marcha o proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, de tal xeito que, para o curso académico 2009/10, comezarán a impartirse as titulacións de Grao en Administración e Dirección de Empresas e en Economía ás que se refiren estas guías.

Perséguese con elo ofertar unhas titulacións máis adaptadas ao contexto actual, cunha adaptación das metodoloxías docentes orientadas cara a aprendizaxe do alumnado e o desenvolvemento das súas capacidades.

Localización

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo está no Campus de Lagoas/Marcosende, aproximadamente a 15 km. de la ciudad.

En caso de precisar información é posible contactar a través das seguintes vías:

Correo - Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Campus de Lagoas-Marcosende, s/n, 36310 VIGO

Teléfono - 986812400 (Centralita/Conserxería)

986 812403 (Secretaría de Alumnado)

986 812402 (Secretaría do Decanato)

Fax- 986812401

Correo electrónico - secfcee@uvigo.es (Secretaría de Alumnado)

sdfcee@uvigo.es (Secretaría do Decanato)

Web - <http://fcee.uvigo.es/>

Infraestructuras y Servicios

A Facultade conta cunha importante dotación de infraestructuras destinadas a dar soporte ás actividades de investigación,

docencia e extensión universitaria. Resumidamente, hai 15 aulas de docencia, 13 aulas-seminario, 6 aulas de informática e un aula informática de libre acceso. Adicionalmente dispón dun salón de actos cun aforo aproximado dunhas 550 persoas , un salón de graos para 60-80 personas, biblioteca con 400 postos de lectura e cafetería-comedor.

A continuación desglósase a información sobre servizos importantes para o alumnado:

SERVICIOS OFERTADOS AOS ESTUDANTADO

- AULA INFORMÁTICA DE LIBRE ACCESO:

Ordenadores a disposición dos alumnos con aplicacións de uso corrente, acceso a Internet e posibilidade de impresión de documentos

- REDE INALÁMBRICA:

Acceso WIFI a Internet en toda a Facultade.

- REPROGRAFÍA:

Fotocopias, encuadernacións, transparencias, impresión de documentos, material de estudo, etc...

Horario regular : Mañá de 9 a 14 h. - Tarde de 15:45 a 18:00 h.

- CAFETERÍA E COMEDOR:

Servicio de cafetería completo, almorzos e comidas con menús do día.

Horario SS.Cafetería: De 8:45 a 21 h.

Horario SS.Comedor: De 13 a 15:30 h.

- SERVICIOS ADMINISTRATIVOS:

Servizos de xestión do alumnado (matriculas, traslados, solicitudes de validacións, emisión de títulos, etc...), asuntos económicos e secretaría do Decanato.

Horario atención ó público: De 9 a 14 h.

- BIBLIOTECA:

Servicio de asesoramento e empréstito bibliográfico, salas de estudo e lectura e consulta bases de datos.

Para o servizo de empréstito requírese carnet de biblioteca.

Dotacións: 414 postos de lectura e estudo.

2 postos consulta bases de datos.

29.000 volumes aprox. (libros, informes, etc.)

560 títulos de publicacións periódicas:

330 revistas e 230 estatísticas.

Horario : De 8:45 a 20:45 h.

Equipo decanal

Decana: M^ª Dolores Garza Gil

Secretaria: Ana de Prado Vázquez

Vicedecana de Calidade: M^ª Xosé Rodríguez Vázquez

Vicedecana de Relacións Internacionais: Carmen Otero Neira

Vicedecana de Relacións Institucionais: Lucy Amigo Dobaño

Grao en Economía

Materias

Curso 3

| Código | Nome | Cuadrimestre | Cr.totais |
|---------------|---------------------------------|--------------|-----------|
| V03G100V01501 | Econometría I | 1c | 6 |
| V03G100V01502 | Economía pública | 1c | 9 |
| V03G100V01503 | Macroeconomía I | 1c | 9 |
| V03G100V01504 | Política económica | 1c | 6 |
| V03G100V01601 | Econometría II | 2c | 6 |
| V03G100V01602 | Economía dos servizos públicos | 2c | 6 |
| V03G100V01603 | Economía industrial | 2c | 6 |
| V03G100V01604 | Macroeconomía II | 2c | 6 |
| V03G100V01605 | Políticas económicas comparadas | 2c | 6 |

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|------------------------------|---|--------|-------|--------------|
| Econometría I | | | | |
| Materia | Econometría I | | | |
| Código | V03G100V01501 | | | |
| Titulación | Grao en Economía | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 3 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán Inglés | | | |
| Departamento | Economía aplicada | | | |
| Coordinador/a | Álvarez García, María Begoña Fernandez-Jardón Fernandez, Carlos Maria | | | |
| Profesorado | Álvarez García, María Begoña Fernandez-Jardón Fernandez, Carlos Maria | | | |
| Correo-e | cjardon@uvigo.es alvarez@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | A Econometría é unha ferramenta que permitirá que os alumnos adquiren os coñecementos necesarios para cuantificar as relacións causais entre variables económicas a partir da evidencia empírica. | | | |

| Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|--|---|
| Código | |
| C1 | Comprender as ferramentas matemáticas básicas, necesarias para a formalización do comportamento económico |
| C10 | Capacidade de formular modelos simples de relación das variables económicas, baseados na utilización de instrumentos técnicos |
| D1 | Respecto aos valores éticos e cívicos. Compromiso ético co traballo |
| D5 | Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas |
| D7 | Fomentar a actitude crítica e autocrítica |

| Resultados previstos na materia | | |
|---|---------------------------------------|----------|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
| Comprensión das técnicas econométricas básicas desde un punto de vista teórico e aplicado. | C1 | |
| Manexo de las técnicas e ferramentas básicas para la cuantificación de las relaciones entre variables relevantes del mundo económico e empresarial. | C1 C10 | |
| Capacidade de abordar de maneira eficaz problemas del ámbito económico utilizando el instrumental econométrico adecuado. | C1 C10 | D1 D7 |
| Habilidade para argumentar e obter conclusións de forma rigorosa a partir de la evidencia empírica. | | D5 D7 |

| Contidos | |
|--|---|
| Tema | |
| TEMA 1: Preguntas empíricas e o problema da inferencia causal. Modelos econométricos | - Tipos de preguntas empíricas e exemplos. - O problema da inferencia causal. - Métodos para medir efectos causais. |
| TEMA 2: Modelo de regresión lineal (I) | - Selección en observables. - Modelo de regresión lineal: especificación. - Estimación por Mínimos Cadrados Ordinarios. - Interpretación das estimacións: cando identificamos un efecto causal? |
| TEMA 3: Modelo de regresión lineal (II) | - Bondade de axuste. - O compoñente aleatorio do estimador de Mínimos Cadrados Ordinarios. - Supostos do modelo de regresión. - Precisión das estimacións. - Propiedades do estimador de Mínimos Cadrados Ordinarios. |
| TEMA 4: Modelo de regresión lineal (III) | - Obtención de información adicional a partir das estimacións dos parámetros: cambios de escala das variables, elasticidades, coeficientes Beta. - Introducción de non linealidades entre a variable dependente e as variables explicativas do modelo. |
| TEMA 5: Inferencia no modelo de regresión | - Suposto de normalidade. - Contrastes de hipóteses sobre un único parámetro. - Intervalos de confianza. - Contrastes de múltiples restricións sobre os parámetros. |

| | |
|--|---|
| TEMA 6: Variables ficticias | <ul style="list-style-type: none"> - Unha variable ficticia independente única. - Variables ficticias para categorías múltiples. - Interaccións nas que interveñen variables ficticias. |
| TEMA 7: Problemas de especificación e de datos | <ul style="list-style-type: none"> - Consecuencias dunha especificación funcional incorrecta. - Omisión de variables relevantes. - Inclusión de variables irrelevantes. - Multicolinealidad |
| TEMA 8: Heterocedasticidad | <ul style="list-style-type: none"> - Detección. - Consecuencias. - Solucións. |
| TEMA 9: Correlación dos termos de erro | <ul style="list-style-type: none"> - Detección. - Consecuencias. - Solucións. |
| TEMA 10: Endogeneidade | <ul style="list-style-type: none"> - Causas de endogeneidade: sesgo de variables omitidas, erro de medida en variables explicativas, causalidade bidireccional - Estimación por variables instrumentais |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|-------------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Prácticas con apoio das TIC | 20 | 30 | 50 |
| Lección maxistral | 28 | 40 | 68 |
| Exame de preguntas obxectivas | 1 | 15 | 16 |
| Exame de preguntas obxectivas | 1 | 15 | 16 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|-----------------------------|---|
| Prácticas con apoio das TIC | Nestas sesións de laboratorio informático aplicaranse os coñecementos adquiridos nas clases teóricas e prácticas para realizar supostos prácticos coa axuda dun paquete informático econométrico. Os alumnos traballarán de forma autónoma, individualmente ou en grupo, baixo a supervisión do profesor. |
| Lección maxistral | Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, complementada co uso de medios audiovisuais, así como a introdución dalgunhas preguntas dirixidas ao estudante, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-------------------------------|--|
| Lección maxistral | O alumnado poderá resolver dúbidas en titorías personalizadas que terán lugar no despacho 337 ou ben a través do Campus Remoto, no despacho virtual da profesora (Sala 82 - Contrასinal do estudante: 337- BegoñaAlvarez) coa profesora Alvarez e no despacho 442 ou sala 892 do campus remoto co profesor Fernández Jardón. A hora das titorías acordarase previamente cos profesores por email alvarez@uvigo.es cjardon@uvigo.es |
| Prácticas con apoio das TIC | O alumnado traballará individualmente ou en grupo sempre baixo o asesoramento do/da docente. |
| Probas | Descrición |
| Exame de preguntas obxectivas | Durante a preparación do exame, o alumnado poderá resolver dúbidas en titorías personalizadas que terán lugar nos lugares indicados na lección maxistral |
| Exame de preguntas obxectivas | Durante a preparación do exame, o alumnado poderá resolver dúbidas en titorías personalizadas que terán lugar nos lugares indicados na lección maxistral |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|-------------------------------|--|---------------|---------------------------------------|----------------|
| Prácticas con apoio das TIC | Propoñeranse exercicios con diversas bases de datos. No curso utilizarase o paquete econométrico GRETL. O alumnado que siga a avaliación continua debe asistir ao todas as sesións prácticas (excepto por causas xustificadas). Nalgunhas sesións, deberá entregar o traballo realizado. | 30 | C1 C10 | D1 D5 D7 |
| Exame de preguntas obxectivas | As cuestións requirirán interpretación de saídas de programas de computador, ademais de temas teóricos. | 35 | C1 C10 | D1 D5 D7 |

| | | | | |
|-------------------------------|---|----|-----------|----------------|
| Exame de preguntas obxectivas | As cuestións requirirán interpretación de saídas de programas de computador, ademais de temas teóricos. | 35 | C1 C10 | D1 D5 D7 |
|-------------------------------|---|----|-----------|----------------|

Outros comentarios sobre a Avaliación

Cada curso académico, o estudantado ten dereito a dúas convocatorias: 1) Convocatoria ordinaria, no semestre de ensino; 2) Convocatoria extraordinaria, en xuño / xullo.

En cada convocatoria, o/a estudante poderá elixir ser avaliado mediante o sistema de **Avaliación continua(AC)**, ou alternativamente optar por unha proba de **Avaliación Global(AG)**. **A avaliación por defecto é a AC**. O alumnado poderá elixir AG segundo o procedemento e o prazo establecido polo centro. A elección de AG supón a renuncia ao dereito de seguir avaliándose mediante as actividades de AC que resten e á cualificación obtida ata ese momento en calquera das probas que xa tiveron lugar.

Avaliación continua (AC):

- A asistencia ás sesións prácticas é obrigatoria (excepto por causas xustificadas).
- Primeira oportunidade (convocatoria ordinaria): A cualificación final será a suma ponderada das notas correspondentes ao traballo nas prácticas (30%) e dous exames parciais (35% cada un). Se o/a estudante non consegue unha nota de 5 puntos ou superior, poderá renunciar á cualificación dos parciais e presentarse a proba final na data oficial da proba de AG (primeira convocatoria). Nese caso, a nota será igual á suma ponderada da nota das prácticas (30%) e a proba final (70%).
- Segunda oportunidade (convocatoria extraordinaria xuño/xullo): A cualificación final será a suma ponderada da nota das prácticas (30%) e a proba final (70%) que se realizará na data oficial da proba de AG (segunda convocatoria).

Avaliación global (AG, en caso de renunciar á avaliación continua):

- Primeira oportunidade (convocatoria de xaneiro): o 100% da nota total obtense a través dunha proba final global.
- Segunda oportunidade (convocatoria extraordinaria de xullo): o 100% da nota total obtense a través dunha proba final global.

Na **convocatoria Fin de Carreira**, o 100% da nota total obtense a través dunha proba final global.

As datas e horas das probas de AG (de primeira e segunda oportunidade) e da convocatoria de Fin de Carreira son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2023/24. En caso de conflito ou disparidade entre as datas de exames, prevalecerán as publicadas na web da facultade, <http://fccee.uvigo.es/organizacion-docente.html>.

Recoméndase ao alumnado ter en conta o Título VII (Do uso de medios ilícitos), do Regulamento sobre a Avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Dougherty, C, **Introduction to econometrics**, 5th, Oxford University Press, 2016

Stock, JH and Watson, MW, **Introduction to econometrics**, 3th, Pearson, 2015

Stock, J.W y M. Watson, **Introducción a la Econometría**, Prentice-Hall, 2012

Wooldridge, JM, **Introducción a la Econometría. Un enfoque moderno**, Cengage Learning, 2016 (o anteriores)

Wooldridge, JM, **Introductory Econometrics. A Modern Approach**, 7th, South-Western College Publishing, 2019 (o anteriores)

Bibliografía Complementaria

Fernández-Jardón, C. M, Verdugo, V. Cal, I., **Econometría Estática Aplicada.**, 1, Torculo, 1997

Greene, W.H. ., **Análisis Econométrico**, Prentice-Hall, 1998

Novalés, A., **Econometría.**, 5, McGraw-Hill., 2010

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Econometría II/V03G100V01601

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Estatística: Estatística I/V03G100V01205

Estatística II/V03G100V01403

DATOS IDENTIFICATIVOS**Economía pública**

| | | | | |
|-----------------------|---|--------------|------------|--------------------|
| Materia | Economía pública | | | |
| Código | V03G100V01502 | | | |
| Titulación | Grao en Economía | | | |
| Descritores | Creditos ECTS 9 | Sinale OB | Curso 3 | Cuadrimestre 1c |
| Lingua de impartición | Castelán Inglés | | | |
| Departamento | Economía aplicada | | | |
| Coordinador/a | Alonso Villar, María Olga | | | |
| Profesorado | Alonso Villar, María Olga del Río Otero, Coral | | | |
| Correo-e | ovillar@uvigo.es | | | |
| Web | http://alonso-villar.webs.uvigo.es | | | |
| Descrición xeral | Organización e dimensión do sector público. Xustificación da intervención pública. Ingresos e gastos públicos. Efectos da intervención sobre a eficiencia e a equidade. Imposición óptima | | | |

Resultados de Formación e Aprendizaxe

| | |
|--------|---|
| Código | |
| C1 | Comprender as ferramentas matemáticas básicas, necesarias para a formalización do comportamento económico |
| C2 | Comprender a linguaxe económica básica e o modo de pensar dos economistas |
| C3 | Coñecer o marco institucional da economía |
| C5 | Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos |
| D1 | Respecto aos valores éticos e cívicos. Compromiso ético co traballo |
| D5 | Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas |
| D7 | Fomentar a actitude crítica e autocrítica |

Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|--|---------------------------------------|
| Resolución de exercicios nos que se formaliza o comportamento económico matematicamente. | C1 |
| Utilizar axeitadamente a terminoloxía propia da Economía Pública | C2 |
| Distinguir o papel dos distintos axentes económicos, prestando especial atención ao sector público. | C3 |
| Identificar os principais problemas dos mercados que xustifican a intervención pública así como as diferentes solucións posibles. | |
| Resolución e entrega das tarefas asignadas. | D1 |
| Argumentar axeitadamente as respostas ás preguntas propostas | D5 |
| Identificación dos distintos problemas que aborda a Economía pública así como as vantajas e inconvenientes que presentan as diferentes vías de solución existentes | D7 |

Contidos

| Tema | |
|--|---|
| Organización e dimensión do sector público | Axentes do sector público O peso do sector público Comparacións internacionais |
| Xustificación da intervención pública | Eficiencia e equidade 1º e 2º Teoremas do Benestar Tipos de fallos de mercado |
| Bens públicos e externalidades | Bens Públicos Provisión eficiente dos bens públicos puros Prezos Lindahl Mecanismos de revelación das preferencias A natureza das externalidades Externalidades entre produtores Interdependencia de utilidade Solucións para resolver as externalidades |
| Outros fallos de mercado | Imperfeccións na competencia Políticas de intervención Información imperfecta e incompletitude de mercados |
| Intervención pública por motivos de equidade | Xustiza económica e redistribución Funcións de benestar social Equidade |

| | |
|---------------------------------------|--|
| Elección colectiva | Teorema de imposibilidade de Arrow Votación maioritaria Conta de Borda |
| Eficiencia no sector público | Exceso de gravame Análise Custo-Beneficio |
| Incidencia distributiva da imposición | Traslación dos impostos Xustiza fiscal e progresividade |
| Imposición óptima | Principios tributarios Regras de imposición |
| Ingresos públicos | Impostos Taxas Prezos públicos Contribucións especiais |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral | 41.5 | 150 | 191.5 |
| Seminario | 7.5 | 0 | 7.5 |
| Resolución de problemas | 21.5 | 0 | 21.5 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | 1.5 | 0 | 1.5 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | 1.5 | 0 | 1.5 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 1.5 | 0 | 1.5 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|-------------------------|---|
| Lección maxistral | Lección maxistral e debates sobre cuestións específicas |
| Seminario | Atención individualizada para resolver dúbidas específicas |
| Resolución de problemas | Resolución de exercicios, debates, conferencias e/ou traballo con materiais audiovisuais. |

Atención personalizada

Metodoloxías Descrición

| | |
|-----------|--|
| Seminario | Aclararanse dúbidas que o alumnado teña sobre a materia en grupos pequenos. As horas de titorías poderán verse na web da asignatura en Moovi. Para solicitar unha titoría, pódese enviar un correo electrónico as docentes (ovillar@uvigo.es e crio@uvigo.es). |
|-----------|--|

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|--|---------------|---------------------------------------|----------------|
| Exame de preguntas de desenvolvemento | Farase unha primeira proba a mediados do cuadrimestre que cubre todos os contidos teóricos e prácticos da materia vistos ata dita data. | 20 | C1 C2 C3 C5 | D1 D5 D7 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | Farase unha segunda proba a finais do cuadrimestre sobre todos os contidos teóricos da materia. | 40 | C1 C2 C3 C5 | D1 D5 D7 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Farase unha terceira proba na data oficial da primeira oportunidade con exercicios, preguntas sobre as lecturas das prácticas e análises de datos (táboas e gráficos). | 40 | C1 C2 C3 C5 | D1 D5 D7 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado terá dúas opcións para superar a materia:

1. Renunciar á avaliación continua e solicitar a avaliación global (AG) mediante un exame, que suporá o 100% da nota, e que se celebrará na data oficial segundo se recolle na páxina web da facultade (<http://fccee.uvigo.es>), tanto na primeira oportunidade como na segunda. Para renunciar á avaliación continua é necesario enviar un correo electrónico ás docentes da materia antes do 15 de outubro de 2023. Por suposto, a asistencia a clase segue a ser altamente recomendable aínda que non se escolla a avaliación continua.

2. Acollese á avaliación continua (AC), que consta de tres probas:

a. A primeira proba, que terá lugar a mediados do cuadrimestre, avaliará todos os contidos, teóricos e prácticos, vistos ata a data de celebración da mesma. Esta proba representa o 20% da nota. Para seguir na AC, a nota mínima deste proba é de 4 puntos sobre 10.

b. A segunda proba terá lugar ao remate do primeiro cuadrimestre e avaliará todos os contidos teóricos da materia. Esta proba representa o 40% da nota. Para seguir na AC, a nota mínima desta proba é de 4 puntos sobre 10.

c. A última proba terá lugar o mesmo día que a data oficial de AG de primeira oportunidade e avaliará os contidos relacionados con: exercicios, lecturas das prácticas e análise de datos (gráficos e táboas). Esta proba representa o 40% da nota.

O alumnado que vaia por AC e non acade a nota mínima na primeira ou na segunda proba poderá presentarse por AG na primeira oportunidade có 100% da nota. Na segunda oportunidade, o exame suporá o 100% da nota.

De forma extraordinaria, aqueles/as estudantes que, habendo obtido máis de 4 puntos en cada unha das dúas primeiras probas, queiran renunciar á AC, poderán solicitalo enviando un correo electrónico ás docentes antes do 31 de decembro de 2023.

Na segunda oportunidade e na convocatoria Fin de Carreira, a avaliación realizarase, exclusivamente, por AG (que constituirá o 100% da nota).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Albi, González-Páramo, Urbanos, and Zubiri, **Economía Pública I**, Ariel, 2017

Albi, González-Páramo, Urbanos, and Zubiri, **Economía Pública II**, Ariel, 2017

Rosen and Gayer, **Public Finance**, MacGrawHill, 2014

Stiglitz and Rosengard, **La Economía del Sector Público**, Antoni Bosch, 2016

Stiglitz and Rosengard, **Economics of the Public Sector**, Norton, 2015

Bibliografía Complementaria

Gradín and Del Río, **Desigualdad, pobreza y polarización en la distribución de la renta en Galicia**, 2001

Rosen, **Hacienda Pública**, MacGrawHill, 2011

Boadway and Wildasin, **Economía del Sector Público**, Instituto de Estudios Fiscales., 1986

Bustos Gisbert, **Curso Básico de Hacienda Pública**, Civitas, 2017

Greve, **The Role of the Public Sector. Economics and Society**, Edward Elgar, 2022

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Economía dos servizos públicos/V03G100V01602

Benestar, equidade e xénero/V03G100V01901

Tributación/V03G100V01907

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Economía: Principios de economía I/V03G100V01102

Economía: Principios de economía II/V03G100V01203

Matemáticas: Matemáticas I/V03G100V01104

Matemáticas II/V03G100V01303

Microeconomía I/V03G100V01304

Microeconomía II/V03G100V01404

DATOS IDENTIFICATIVOS**Macroeconomía I**

| | | | | |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia | Macroeconomía I | | | |
| Código | V03G100V01503 | | | |
| Titulación | Grao en Economía | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 9 | OB | 3 | 1c |
| Lingua de impartición | Galego | | | |
| Departamento | Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas | | | |
| Coordinador/a | Montero Muñoz, María | | | |
| Profesorado | de Miguel Palacios, Carlos Juan Montero Muñoz, María | | | |
| Correo-e | mmontero@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | A materia Macroeconomía I ofrece ao alumnado do Grao en Economía unha visión sobre o funcionamento da economía no curto e no medio prazo, empregando para elo modelos matemáticos sinxelos e a análise gráfica. O obxectivo é aprender a usar os modelos macroeconómicos como unha ferramenta que, baixo determinados supostos, establece a relación entre as distintas variables económicas e que permite, posteriormente, a análise dos efectos das políticas monetarias e fiscais. O programa de macroeconomía I trata de afondar nos contidos previamente estudados en Principios de Economía I y II, de forma que ao longo do curso o estudante acade un elevado dominio no emprego de instrumentos analíticos e gráficos para explicar as cuestións macroeconómicas. A materia enmárcase dentro do terceiro curso do Grao en Economía e, xunto coa materia Macroeconomía II, que se imparte no segundo cuadrimestre, conforma un curso completo de Macroeconomía intermedia. | | | |

Resultados de Formación e Aprendizaxe

| | | | |
|--------|---|--|--|
| Código | | | |
| C2 | Comprender a linguaxe económica básica e o modo de pensar dos economistas | | |
| C3 | Coñecer o marco institucional da economía | | |
| C5 | Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos | | |
| C6 | Adquirir coñecementos de Análise económica | | |
| C8 | Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido | | |
| C9 | Identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado | | |
| C10 | Capacidade de formular modelos simples de relación das variables económicas, baseados na utilización de instrumentos técnicos | | |
| C11 | Capacidade de elaborar medidas de política económica para alcanzar uns obxectivos dados | | |
| D2 | Capacidade de traballar en equipo | | |
| D4 | Responsabilidade e capacidade de asumir compromisos | | |
| D5 | Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas | | |
| D7 | Fomentar a actitude crítica e autocrítica | | |

Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|--|---------------------------------------|----------|
| El estudiante será capaz de proponer el desarrollo de diferentes programas de ejercicio físico adecuándolos a las necesidades del adulto mayor en función de la patología presente, y establecer el control de la carga dentro de la planificación del ejercicio físico. | | |
| Aplicar as ferramentas básicas da análise económica, de modo que para abordar preguntas económicas sexan capaces de construír modelos económicos simples, que mediante unha representación simplificada da realidade permitan tratar axeitamente o problema. | C2 C5 C6 | D4 D5 |
| Buscar, identificar e interpretar fontes de información económica relevante e o seu contido. | C9 | |
| Analizar os efectos das políticas macroeconómicas, de modo que ante a aplicación dun novo instrumento de política económica sexan capaces de formarse unha opinión fundamentada sobre a súa eficacia na consecución dos obxetivos para os cales se tiña plantexado. | C11 | |
| Contemplan o modelo no seu conxunto dende unha perspectiva de equilibrio xeral. Isto implica coñecer a relevancia dos supostos que presiden o modelo, saber manexalo en distintas simulacións e aplicacións e ser capaz de realizar unha valoración crítica do mesmo determinando o seu alcance analítico e as súas limitacións. | C6 C10 | D5 D7 |
| Conectar os modelos económicos ca realidade para deste xeito poder empregalo para interpretar e explicar os fenómenos reais. | C3 | D5 |
| Realizar traballos empíricos nos que, empregando as ferramentas presentadas o longo do curso, demostre a súa capacidade para analizar, sintetizar e finalmente elaborar un informe. | C8 C10 | D2 D5 |

| Contidos | |
|-----------------|---|
| Tema | |
| PARTE I | Tema 1. Indicadores macroeconómicos. Tema 2. O mercado de bens. Tema 3. Os mercados financeiros. Tema 4. O mercado de bens e os mercados financeiros. |
| PARTE II | Tema 5. O mercado de traballo. Tema 6. O modelo de Oferta e Demanda Agregada. Tema 7. A curva de Phillips, a taxa natural de paro e a inflación. Tema 8. Do curto prazo ao medio prazo: o modelo IS-LM-PC. Tema 9. Extensións |

| Planificación | | | |
|--|---------------|--------------------|--------------|
| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
| Lección maxistral | 40 | 60 | 100 |
| Resolución de problemas | 22.5 | 40 | 62.5 |
| Prácticas de laboratorio | 7.5 | 18 | 25.5 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | 2 | 10 | 12 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | 2 | 10 | 12 |
| Exame de preguntas obxectivas | 1 | 8 | 9 |
| Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas | 0 | 4 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

| Metodoloxía docente | |
|----------------------------|--|
| | Descrición |
| Lección maxistral | As clases teóricas consistirán na exposición dos principais contidos dos distintos temas, desenvolvéndose con detalle aqueles aspectos de maior complexidade. Para un axeitado seguimento e comprensión das clases é moi recomendable que o alumnado lea con atención o material e bibliografía recomendados. |
| Resolución de problemas | As clases prácticas se utilizarán para discutir con maior profundidade os temas estudados nas leccións maxistras, para aprender a relacionar os coñecementos adquiridos cos problemas económicos da actualidade e para realizar actividades prácticas como a resolución de exercicios. Os boletíns de exercicios serán resoltos en clase coa participación dos estudantes, chamados aleatoriamente para presentar a solución a distintas preguntas. O traballo persoal do alumnado facilitará consolidar os coñecementos e adquirir soltura na resolución dos problemas plantexados. |
| Prácticas de laboratorio | Clases prácticas nas aulas de informática na que o alumnado aprenderán a manexar bases de datos empregando follas de cálculo así como a extraer información relevante dos datos. |

| Atención personalizada | |
|-------------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Lección maxistral | As titorías concertaríanse previamente por correo electrónico (mmontero@uvigo.es). Poderán ter lugar presencialmente no despacho 410 da Facultade ou a través do despacho virtual a través de Campus Remoto (sala1689). |
| Resolución de problemas | O alumnado poderá facer uso das titorías individuais programadas para aclarar as dúbidas que lle poidan xurdir durante o seu traballo autónomo para a resolución dos boletíns de problemas. As titorías concertaríanse previamente por correo electrónico (mmontero@uvigo.es). Poderán ter lugar presencialmente no despacho 410 da Facultade ou a través do despacho virtual a través de Campus Remoto (sala1689). |
| Prácticas de laboratorio | O alumnado poderá facer uso das titorías individuais programadas para aclarar as dúbidas que lle poidan xurdir durante o seu traballo autónomo para a realización da práctica de laboratorio. As titorías concertaríanse previamente por correo electrónico (mmontero@uvigo.es). Poderán ter lugar presencialmente no despacho 410 da Facultade ou a través do despacho virtual a través de Campus Remoto (sala1689). |

| Avaliación | | | |
|---------------------------------------|--|---------------|---------------------------------------|
| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | Exame (segundo modalidade) no que se avaliarán todos os contidos traballados na Parte I (temas 1-2-3-4) do curso. | 30 | |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | Exame (segundo modalidade) no que se avaliarán todos os contidos traballados na Parte II (temas 5-6-7-8-9) do curso. | 40 | |

| | | |
|--|--|----|
| Exame de preguntas obxectivas | Poderanse realizar un ou dous controis que consistirán na resolución de exercicios (segundo modalidade). | 20 |
| Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas | O alumnado terá que facer entrega dalgún traballo relativo as prácticas de aula informática | 10 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado poderá elixir ser avaliado mediante o sistema de avaliación continua (AC), ou alternativamente optar por unha proba de Avaliación Global (AG). A avaliación por defecto é a AC. O alumnado poderá elixir AG segundo o procedemento e o prazo establecido polo centro. A elección de AG supón a renuncia ao dereito de seguir avaliándose mediante as actividades de AC que resten e á cualificación obtida ata ese momento en calquera das probas que xa tiveron lugar.

Modalidade de Avaliación Continua

A modalidade de avaliación continua da materia constará das seguintes probas. Dous exames parciais que pesarán cada un 30% e un 40%, respectivamente, da nota; dous controis que pesarán en total un 20% da nota, e a entrega de traballos relativos as prácticas de laboratorio que pesarán un 10% da nota.

- 1.- Parcial 1º (30%): Temas 1-4. Este exame realizarase a metade do cuadrimestre nunha data que estará fixada a principio do curso.
- 2.- Parcial 2º (40%): Temas 5-9. Este exame realizarase ao final do cuadrimestre nunha data que estará fixada a principio de curso.
- 3.- Controis (20%). Poderase realizar un ou dous controis que consistirán na resolución de exercicios. A data destes controis será anunciada con suficiente antelación.
- 4.- Traballos (10%). Se realizarán traballos relativos as prácticas de laboratorio nas aulas informáticas. Para a obtención desta cualificación é obrigatorio a asistencia a clase práctica de laboratorio.

Para aprobar a materia, a cualificación obtida debe ser maior ou igual a 5 puntos (sobre 10), sendo ademais **imprescindible obter en cada unha das dúas probas parciais unha puntuación igual ou superior a 4 puntos (sobre 10)**. Se non se alcanza esa puntuación nalgunha das dúas probas parciais, poderase recuperar na data oficial recollida na páxina web da facultade (<http://fccee.uvigo.es>). Se nese exame tampouco se alcanza a puntuación mínima (ou non se presenta ao exame), a nota final máxima da materia será de 4 puntos.

Considerarase que o alumnado se ten presentado á avaliación continua cando se teña presentado a algunha das probas/actividades de avaliación desta modalidade.

PROBA AVALIACIÓN GLOBAL (AG)

O estudantado que se acolla a esta modalidade realizará unha proba de **toda a materia polo 100% da nota** na data oficial establecida no calendario de exames.

Convocatoria Xullo: Na convocatoria extraordinaria, o estudantado realizará unha proba de **toda a materia polo 100% da nota**.

Convocatoria Fin de Carreira: O estudantado matriculado na convocatoria fin de carreira realizará unha proba de **toda a materia polo 100% da nota**.

Os estudantes que non participen na AC nin na AG, figurarán nas actas como non presentados.

Recoméndase ao alumnado ter en conta o Título VII (Do uso de medios ilícitos), do Regulamento sobre a Avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado

(<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/normativa/documento/downloadbyhash/4904ced4d24eb81fe5715ddde2c48c59c0a7c4d624cd0e7491df7a753985ccfa>).

As datas e horas das probas de AG (de primeira e segunda oportunidade) son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2023/24. En caso de conflito ou disparidade entre as datas de exames, prevalecerán as publicadas na web da facultade, <http://fccee.uvigo.es/organizacion-docente.html>.

Bibliografía. Fuentes de información

Bibliografía Básica

BLANCHARD, O., **Macroeconomía**, 7ª Edición, Pearson, 2017

BELZUNEGUI, B., CABRERIZO, J., PADILLA, R. E I. VALERO, **Macroeconomía. Problemas y ejercicios resueltos**, 3ª Edición, Pearson, 2013

MANKIOW, G., **Macroeconomía**, 10ª Edición, Antoni Bosch, 2020

Bibliografía Complementaria

Acemoglu, D., Laibson, D., List, J., **Macroeconomics**, 2ª Edición, Pearson, 2018

Recomendaciones

Materias que continúan o temario

Macroeconomía II/V03G100V01604

Macroeconomía avanzada/V03G100V01912

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Economía: Principios de economía I/V03G100V01102

Economía: Principios de economía II/V03G100V01203

Microeconomía I/V03G100V01304

Microeconomía II/V03G100V01404

DATOS IDENTIFICATIVOS**Política económica**

| | | | | |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia | Política económica | | | |
| Código | V03G100V01504 | | | |
| Titulación | Grao en Economía | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 3 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán | | | |
| Departamento | Economía aplicada | | | |
| Coordinador/a | Arias Moreira, José Carlos | | | |
| Profesorado | Arias Moreira, José Carlos | | | |
| Correo-e | xcarias@uvigo.es | | | |
| Web | http://xosecarlosarias.blogspot.com | | | |
| Descrición xeral | Asignatura de introducción á Política económica. Atención preferente á presentación do proceso de formación de políticas e presentación dos obxectivos xenerales de estas. | | | |

Resultados de Formación e Aprendizaxe

| | |
|--------|---|
| Código | |
| C5 | Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos |
| C9 | Identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado |
| C10 | Capacidade de formular modelos simples de relación das variables económicas, baseados na utilización de instrumentos técnicos |
| D2 | Capacidade de traballar en equipo |
| D5 | Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas |
| D6 | Ler e comunicarse en inglés no ámbito profesional |
| D7 | Fomentar a actitude crítica e autocrítica |

Resultados previstos na materia

| | | |
|---|---------------------------------------|----------------------|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
| O alumno mostra que comprende a natureza e efectos das decisións de política económica, así como as súas relacións coa economía privada e os seus límites | C5 | |
| O alumno é capaz de ler e extraer conclusións sobre todo tipo de informes relativos aos efectos da política económica, sendo capaz tamén de argumentar sobre as razóns para elixir unha determinada política. | C9 C10 | D2 D5 D6 D7 |

Contidos

| | |
|---|---|
| Tema | |
| 1.Introducción | Introducción á política económica. Os problemas fundamentais da política económica. |
| 2.A formación da política económica: institucións básicas | O proceso xeneral de formación de políticas. Política económica e institucións |
| 3. A formación da política económica: procesos internos | Parlamentos e gobernos. Papel da burocracia. Grupos de interés. |
| 4. A formación da política económica en economías abertas | Política económica e mercados. Interrelacións e dependencias. Efectos da crisis. |
| 5. Os obxectivos da política económica (1): | Panorama xeneral. A estabilidade de prezos |
| 6. Os obxectivos da política económica (2): | Pleno emprego e balanza de pagos |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---------------------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Prácticas de laboratorio | 15 | 30 | 45 |
| Seminario | 2 | 4 | 6 |
| Lección maxistral | 30 | 60 | 90 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | 2 | 1 | 3 |
| Traballo | 3 | 3 | 6 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|--------------------------|--|
| Prácticas de laboratorio | Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado (laboratorios, aulas informáticas, etc). |
| Seminario | Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. |
| Lección maxistral | Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------------------|--|
| Prácticas de laboratorio | Atención personalizada aos estudantes nas súas prácticas |
| Seminario | Atención persoalizada aos estudantes no proceso de aprendizaxe |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---------------------------------------|--|---------------|---------------------------------------|
| Prácticas de laboratorio | Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen comentarios de texto e resposta a preguntas con diferentes alternativas de resposta. | 20 | D2 D5 D6 D7 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas abertas sobre un tema. Os alumnos deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta extensa e, ademais, con respostas a preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades. | 40 | C5 C9 C10 |
| Traballo | O estudante presenta o resultado obtido na elaboración dun documento sobre a temática da materia, na preparación de seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo, de forma oral ou escrita. | 40 | C9 D7 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

Estes criterios de avaliación manteranse para todas as convocatorias do curso académico.

As datas de exames deberán ser consultadas na páxina web da facultade

Cada alumno poderá optar entre EVALUACIÓN CONTÍNUA ou EXAMEN GLOBAL: Alternativamente ao sistema de avaliación continua, o estudantado poderá optar a ser avaliado cun exame final que suporá o 100% da cualificación. A elección deberá ser comunicada ao profesor antes do 31 de outubro.

Na convocatoria de fin de carreira, o exame suporá o 100% da cualificación.

Os horarios das titorías figurarán no Moovi da materia: Para solicitalas, envío de mensaxe por mail.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

X. C. Arias, **La formación de la política económica**, Cívitas, 1996

X.C. Arias y A. Costas, **La torre de la arrogancia. Políticas y mercados después de la tormenta**, Ariel, 2012 (2ª edic.)

Bibliografía Complementaria

J. R. Cuadrado (ed.), **Política económica. Elaboración, objetivos e instrumentos**, McGraw Hill, 2011

A. Bénassy-Quere et al., **Economic Policy. Theory and Practice**, Oxford University Press, 2010

Recomendacións

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|------------------------------|--|--------|-------|--------------|
| Econometría II | | | | |
| Materia | Econometría II | | | |
| Código | V03G100V01601 | | | |
| Titulación | Grao en Economía | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 3 | 2c |
| Lingua de impartición | Castelán | | | |
| Departamento | Economía aplicada | | | |
| Coordinador/a | Miles Touya, Daniel Gustavo | | | |
| Profesorado | Miles Touya, Daniel Gustavo | | | |
| Correo-e | dmiles@uvigo.es | | | |
| Web | http://dmiles.webs.uvigo.es/ | | | |
| Descrición xeral | O obxectivo de este curso e introducir aos alumnos na análise avanzada de datos microeconómicos. | | | |

| Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|--|---|
| Código | |
| C1 | Comprender as ferramentas matemáticas básicas, necesarias para a formalización do comportamento económico |
| C8 | Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido |
| C10 | Capacidade de formular modelos simples de relación das variables económicas, baseados na utilización de instrumentos técnicos |
| C12 | Avaliar, utilizando técnicas empíricas, as consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as máis idóneas |
| D1 | Respecto aos valores éticos e cívicos. Compromiso ético co traballo |
| D2 | Capacidade de traballar en equipo |
| D4 | Responsabilidade e capacidade de asumir compromisos |
| D5 | Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas |
| D6 | Ler e comunicarse en inglés no ámbito profesional |
| D7 | Fomentar a actitude crítica e autocrítica |

| Resultados previstos na materia | | |
|---|---------------------------------------|----------------------------------|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
| Formular preguntas económicas a resolver mediante modelos econométricos identificando os datos necesarios para poder contestar ditas preguntas e os problemas que xorden na modelización. | C1 C8 C10 C12 | D1 D2 D4 D5 D6 D7 |

| Contidos |
|--|
| Tema |
| Todo o curso se apoiará en Python |
| 1.- Introducción |
| 2.-Repaso de conceptos básicos e modelo de regresión |
| 4.-Variables instrumentais |
| 3.- Introducción á teoría asintótica |
| 5.- Estimadores extremos: Máxima Verosimilitud e GMM |
| 6.-Modelos de variable dependente discreta |
| 7.-Modelos de selección muestral |

| Planificación | | | |
|-----------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
| Lección maxistral | 22.5 | 72.5 | 95 |
| Prácticas con apoio das TIC | 27.5 | 27.5 | 55 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

| Metodoloxía docente |
|----------------------------|
| |

| | Descrición |
|-----------------------------|--|
| Lección maxistral | Exposición por parte do profesor e traballo do alumno |
| Prácticas con apoio das TIC | Exposición por parte do profesor e traballo do alumno. |

| Atención personalizada | |
|-----------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Prácticas con apoio das TIC | Se resolveran dúbidas de exercicios previamente resoltos polos alumnos |

| Avaliación | | | | |
|-----------------------------|--|---------------|---------------------------------------|----------------------------------|
| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
| Lección maxistral | - Preguntas aleatorias sobre conceptos vistos en clase ou en cursos previos: 20% | 67.5 | C1 C8 C10 C12 | D1 D2 D4 D5 D6 D7 |
| | - Exercicios a entregar: 20% | | | |
| | - Participación en clase: 2.5% | | | |
| | - Proba final: 25% | | | |
| Prácticas con apoio das TIC | -Exercicios a entregar: 30% | 32.5 | C1 C8 C10 C12 | D1 D2 D4 D5 D6 D7 |
| | -Participación en clase: 2.5% | | | |

Outros comentarios sobre a Avaliación

- En cada convocatoria, o/a estudante poderá elixir ser avaliado mediante o sistema de **Avaliación continua(AC)**, ou alternativamente optar por unha proba de **Avaliación Global(AG)**. **A avaliación por defecto é a AC**. O alumnado poderá elixir AG segundo o procedemento e o prazo establecido polo centro. A elección de AG supón a renuncia ao dereito de seguir avaliándose mediante as actividades de AC que resten e á cualificación obtida ata ese momento en calquera das probas que xa tiveron lugar.

Avaliación continua (AC):

- A **asistencia** a clase é **obrigatoria** para todos aqueles que opten pola **evaluación continua**.
- Primeira oportunidade (convocatoria ordinaria): A cualificación final será a suma ponderada das notas correspondentes as actividades descritas anteriormente.
- Segunda oportunidade (convocatoria extraordinaria xuño/xullo): A cualificación final será a suma ponderada da nota da avaliación continua obtida en primeira convocatoria (30%) e unha proba final (70%) que se realizará na data oficial da proba de AG (segunda convocatoria).

Avaliación global (AG, en caso de renunciar á avaliación continua):

- Primeira oportunidade (convocatoria de xaneiro) e segunda oportunidade (convocatoria extraordinaria de xullo): o 100% da nota total obtense a través dunha proba final global.

Na **convocatoria Fin de Carreira**, o 100% da nota total obtense a través dunha proba final global.

As datas e horas das probas de AG (de primeira e segunda oportunidade) e da convocatoria de Fin de Carreira son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2023/24. En caso de conflito ou disparidade entre as datas de exames, prevalecerán as publicadas na web da facultade, <http://fccee.uvigo.es/organizacion-docente.html>.

Recoméndase ao alumnado ter en conta o Título VII (Do uso de medios ilícitos), do Regulamento sobre a Avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado.

As tutorías personalizadas se solicitarán por correo electrónico e serán en persoa ou online, segun a necesidade do alumno.

Bibliografía. Fontes de información**Bibliografía Básica**

WOOLDRIDGE, J.M, **Introductory econometrics**, 7th Edition,

Bibliografía Complementaria

Material disponible Web,

Recomendacións**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Estatística: Estatística I/V03G100V01205

Matemáticas: Matemáticas I/V03G100V01104

Estatística II/V03G100V01403

Matemáticas II/V03G100V01303

Microeconomía I/V03G100V01304

Econometría I/V03G100V01501

Outros comentarios

- 1.- Cursar Econometría II coas materias anteriores aprobadas.
- 2.- Repasar o material destes cursos antes de cursar Econometría II.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Economía dos servizos públicos**

| | | | | |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia | Economía dos servizos públicos | | | |
| Código | V03G100V01602 | | | |
| Titulación | Grao en Economía | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 3 | 2c |
| Lingua de impartición | Galego | | | |
| Departamento | Economía aplicada | | | |
| Coordinador/a | Labandeira Villot, Francisco Xavier | | | |
| Profesorado | Labandeira Villot, Francisco Xavier | | | |
| Correo-e | xavier@uvigo.es | | | |
| Web | http://www.labandeira.eu | | | |
| Descrición xeral | Nesta materia ofrécese unha descrición e análise económica dos principais programas de gasto público existentes nun estado de benestar como o español: sanidade, educación, vivenda e prestacións sociais. Para facelo, empréganse as ferramentas vistas na materia "Economía Pública" co obxectivo de afondar nos fallos de mercado que xustifican a actuación do sector público, os tipos de intervención existentes e os efectos e problemáticas asociadas á mesma. | | | |

Resultados de Formación e Aprendizaxe

| | |
|--------|--|
| Código | |
| C3 | Coñecer o marco institucional da economía |
| C5 | Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos |
| C9 | Identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado |
| C11 | Capacidade de elaborar medidas de política económica para alcanzar uns obxectivos dados |
| D1 | Respecto aos valores éticos e cívicos. Compromiso ético co traballo |
| D5 | Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas |
| D7 | Fomentar a actitude crítica e autocrítica |

Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|--|---------------------------------------|----------------|
| Identificar situacións nas que a intervención pública esté xustificada por razóns de eficiencia e/o equidade. | C3 C5 | D1 D5 |
| Demostrar coñecemento e comprensión da especialización en deportes individuais. | | |
| Coñecer e comprender a literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte. | | |
| Hábitos de calidade e excelencia no exercicio profesional. | | |
| Identificar as ventaxas e inconvincentes das distintas políticas públicas a partires da análise económica das distintas ferramentas de intervención dispoñibles. | C9 C11 | D1 D5 D7 |

Contidos

| Tema | |
|---|---|
| Os estados de benestar e os servizos públicos | O sector servizos e os servizos públicos Teorías explicativas do gasto público A importancia do gasto público en España Análise económica do gasto público Incidencia distributiva do gasto público |
| Sanidade | Comparativas internacionais de datos Razóns e formas de intervención pública O papel dos seguros médicos Avaliación económica dos servizos sanitarios A reforma dos sistemas sanitarios |
| Educación | Comparativas internacionais de datos Teorías sobre o papel da educación Razóns e formas de intervención pública O sistema educativo en España |
| Vivenda | Comparativas internacionais de datos Razóns e formas de intervención pública Taxonomía de políticas de vivenda O acceso á vivenda en España |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral | 22.5 | 40 | 62.5 |
| Seminario | 25 | 20 | 45 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 2.5 | 40 | 42.5 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|-------------------|--|
| Lección maxistral | Clases teóricas nas que se presentan os contidos principais da materia |
| Seminario | Complemento de clases teóricas, para completar e profundizar nos contidos. Manexo de materiais académicos, divulgativos e de medios de comunicación. Debate e discusión dos temas. Pautas para elaboración de traballos e resúmenes relacionados coa materia e a súa presentación. |

Atención personalizada**Metodoloxías Descrición**

| | |
|-----------|--|
| Seminario | Tutorías individualizadas sobre contidos teóricos e prácticos da materia, particularmente na elaboración dos ensaios prácticos e na preparación das probas de avaliación. A información sobre tutorías estará dispoñible en Moovi. |
|-----------|--|

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|---------------|---------------------------------------|
| Seminario | Asistencia, participación nas prácticas, e elaboración e defensa pública dun ensaio relacionado coa materia. Como requisito para a presentación do ensaio, que suporá o 80% da cualificación, débese asistir a un mínimo de 7 clases prácticas (con posible xustificación de ausencia segundo regulamento de avaliación da UV) | 30 | C3 D1 C9 D5 D7 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Unha primeira proba escrita liberatoria a mediados do curso que suporá o 35% da cualificación e unha segunda proba do resto da materia, que tamén suporá un 35% da cualificación, na data oficial de exame da convocatoria ordinaria. No caso de non alcanzarse un 4 na primeira proba, deberá repetirse na data de exame da convocatoria ordinaria (cun 35% da cualificación). Un exame global na convocatoria extraordinaria. | 70 | C3 D1 C5 D5 C9 D7 C11 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

Alternativamente ao sistema de avaliación continua, que é o sistema preferente, o estudiantado poderá optar (a decidir durante as seis primeiras semanas) por unha proba de avaliación global da materia tanto na convocatoria ordinaria e extraordinaria, que suporá o 100% da cualificación.

Na convocatoria de fin de carreira, o exame global suporá o 100% da cualificación.

As datas oficiais de exames están suxeitas a actualizacións, polo que se recomenda consultar a páxina web da Facultade para acceder á información correcta en cada momento: <http://fccee.uvigo.es/>

Bibliografía. Fontes de información**Bibliografía Básica**

Emilio Albi, José Manuel González-Páramo e Ignacio Zubiri, **Economía Pública I**, 2017,

Joseph E. Stiglitz e Jay K. Rosengard, **La Economía del Sector Público**, 2016,

Bibliografía Complementaria

Emilio Albi e Jorge Onrubia, **Economía de la gestión pública. Cuestiones fundamentales**, 2015,

Harvey S. Rosen e Ted Gayer, **Public Finance**, 2014,

Pablo Hernández de Cos, **El Sistema de Pensiones en España: Actualización tras la Pandemia**, 2021, Banco de España,

Miguel A. López García, **Vivienda y Política Pública: Objetivos e Instrumentos**, 2019, FEDEA,

OCDE, **Education at a Glance**, 2020, OCDE,

OCDE, **Health at a Glance**, 2020, OCDE,

J. Oliva Moreno, B. González López-Valcárcel, M. Trapero Bertran, A. Hidalgo Vega, J. del Llano Señar, **Economía de la Salud**, 2018, Pirámide,

Santiago Lago e Jorge Martínez, **El Gasto Público Español en Perspectiva Comparada**, 2016, Papeles de Economía Española, 147,

Recomendaciones

Materias que continúan o temario

Benestar, equidade e xénero/V03G100V01901

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Economía pública/V03G100V01502

DATOS IDENTIFICATIVOS**Economía industrial**

| | | | | |
|-----------------------|---|--------|-------|--------------|
| Materia | Economía industrial | | | |
| Código | V03G100V01603 | | | |
| Titulación | Grao en Economía | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 3 | 2c |
| Lingua de impartición | Galego | | | |
| Departamento | Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas | | | |
| Coordinador/a | Castro Rodríguez, Fidel | | | |
| Profesorado | Castro Rodríguez, Fidel | | | |
| Correo-e | fcastro@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | A Economía Industrial ocúpase de analizar o funcionamento dos mercados non competitivos, estudando as políticas das empresas perante as súas rivais e os consumidores. As súas interrogantes básicas son: existe poder de mercado, cáles son as consecuencias da existencia de poder de mercado, e qué pode e debe facer o Estado cando existe poder de mercado. Nesta materia presentaránse dun xeito formal as aportacións que se teñen producido nos últimos anos en resposta a estas cuestións. | | | |

Resultados de Formación e Aprendizaxe

| | | | | |
|--------|--|--|--|--|
| Código | | | | |
| A1 | Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. | | | |
| A2 | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. | | | |
| A3 | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. | | | |
| A4 | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado. | | | |
| A5 | Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. | | | |
| B2 | Competencias ligadas á procura e organización de documentación e á presentación do seu traballo de maneira adecuada á audiencia | | | |
| B3 | Exercitar habilidades de aprendizaxe autónoma que abran campos para a innovación | | | |
| B6 | Capacidade de xerar reflexións propias sobre problemas de natureza económica e os seus efectos sociais e éticos | | | |
| B7 | Fomentar o espírito investigador, desenvolvendo a capacidade para analizar problemas novos cos instrumentos adquiridos | | | |
| C1 | Comprender as ferramentas matemáticas básicas, necesarias para a formalización do comportamento económico | | | |
| C2 | Comprender a linguaxe económica básica e o modo de pensar dos economistas | | | |
| C4 | Capacidade para situar a economía na súa evolución histórica | | | |
| C5 | Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos | | | |
| C6 | Adquirir coñecementos de Análise económica | | | |
| D1 | Respecto aos valores éticos e cívicos. Compromiso ético co traballo | | | |
| D2 | Capacidade de traballar en equipo | | | |
| D3 | Espírito emprendedor e capacidade de liderado, incluíndo empatía co resto de persoas | | | |
| D4 | Responsabilidade e capacidade de asumir compromisos | | | |
| D5 | Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas | | | |

Resultados previstos na materia

| | | | | |
|---|---------------------------------------|----------------------|----------|----------|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
| Habilidade para utilizar a teoría de xogos como instrumento para analizar a toma de decisións dos axentes económicos en contextos de interacción estratéxica. | A1 A2 A5 | C1 | D1 | |
| Capacidade para abordar a análise de mercados nos que as empresas teñen poder de mercado, identificando os factores que favorecen a súa existencia e a súa persistencia no tempo. | A1 A2 A3 A5 | B2 B3 B6 B7 | C2 C5 | D1 D3 |

| | | | | |
|---|----|----|----|----|
| Habilidade para propoñer e resolver modelos teóricos complexos, así como interpretar os resultados e propoñer recomendacións de política económica, especialmente en política de competencia. | A1 | B2 | C2 | D3 |
| | A2 | B3 | C4 | D4 |
| | A3 | B6 | C5 | |
| | A4 | B7 | | |
| | A5 | | | |
| Capacidade para formular preguntas interesantes en economía industrial, e formalizar e seleccionar os instrumentos de análise necesarios para respondelas. | A1 | B3 | C4 | D2 |
| | A2 | B6 | C5 | D3 |
| | A3 | B7 | C6 | D4 |
| | A4 | | | D5 |
| | A5 | | | |

Contidos

Tema

1. Poder de mercado
2. Teoría de xogos: conceptos básicos.
3. Modelos estáticos de oligopolio.
4. Modelos dinámicos de oligopolio.
5. Diferenciación de produto.
6. Barreiras de entrada.

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral | 28 | 36 | 64 |
| Resolución de problemas | 20 | 40 | 60 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 1 | 5 | 6 |
| Exame de preguntas obxectivas | 2 | 10 | 12 |
| Exame de preguntas obxectivas | 0 | 8 | 8 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|-------------------------|---|
| Lección maxistral | Exporase de maneira resumida os principais contidos dos distintos temas. Para un adecuado seguimento e comprensión destas clases é necesario que os alumnos preparen con antelación os distintos temas utilizando os manuais da bibliografía. |
| Resolución de problemas | As clases prácticas consistirán na resolución de follas de exercicios referidas a cada un dos temas, as cales serán repartidas con antelación. Para poder acollerse ao sistema de avaliación continua, o alumnado debe asistir como mínimo ao 80% das sesións prácticas. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-------------------------|---|
| Lección maxistral | Resolución de dúbidas referidas a teoría. As titorías personalizadas concertaranse previamente por correo electrónico (fcastro@uvigo.es). Poderán ter lugar de forma presencial no despacho 308 da Facultade, ou de forma telemática no despacho de Campus Remoto 456 (contrasinal estudante: Fidel-Castro-308). |
| Resolución de problemas | Resolución de dúbidas referidas a resolución dos exercicios. As titorías personalizadas concertaranse previamente por correo electrónico (fcastro@uvigo.es). Poderán ter lugar de forma presencial no despacho 308 da Facultade, ou de forma telemática no despacho de Campus Remoto 456 (contrasinal estudante: Fidel-Castro-308). |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|--|---------------|---------------------------------------|----|----|----|
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Control tipo test sobre contidos teóricos e prácticos. | 20 | A1 | B2 | C1 | D1 |
| | | | A2 | B3 | C2 | D5 |
| | | | A3 | B6 | C4 | |
| | | | A4 | B7 | C5 | |
| | | | A5 | | C6 | |
| Exame de preguntas obxectivas | Proba parcial dos contidos teóricos e prácticos dos temas 1 a 3. | 40 | A1 | B2 | C1 | D1 |
| | | | A2 | B3 | C2 | D2 |
| | | | A3 | B6 | C4 | D3 |
| | | | A4 | B7 | C5 | D4 |
| | | | A5 | | C6 | D5 |

| | | | | | | |
|-------------------------------|--|----|----------------------------|----------------------|----------------------------|----------------------------|
| Exame de preguntas obxectivas | Proba parcial dos contidos teóricos e prácticos dos temas 4 a 6. | 40 | A1 A2 A3 A4 A5 | B2 B3 B6 B7 | C1 C2 C4 C5 C6 | D1 D2 D3 D4 D5 |
|-------------------------------|--|----|----------------------------|----------------------|----------------------------|----------------------------|

Outros comentarios sobre a Avaliación

Cada estudante poderá elixir entre ser avaliado mediante o sistema de Avaliación Continua (AC), ou alternativamente optar por unha proba de Avaliación Global (AG). A avaliación por defecto é a AC. O alumnado pode renunciar a ser cualificado por avaliación continua se así o comunica antes da data da primeira proba parcial sinalada abaixo. A elección da AG supón a renuncia ao dereito de seguir avaliándose mediante as actividades de AC que resten e á cualificación obtida ata ese momento en calquera das probas que xa se realizaron.

Avaliación continua

Neste caso o alumnado será avaliado mediante as seguintes probas e ponderacións:

- o **20%** cun **control** dos primeiros temas.
- o **40%** coa realización dunha **proba parcial** a mediados do cuadrimestre sobre os contidos teóricos e prácticos correspondentes aos temas 1 a 3.
- o **40%** cunha **proba parcial** dos contidos teóricos e prácticos correspondentes aos temas 4 a 6 que terá lugar o mesmo día oficial que a AG de primeira oportunidade.

Para aprobar a materia, a cualificación final ten que ser igual ou maior que 5 (sobre 10), sendo ademais imprescindible obter en cada unha das dúas probas parciais unha puntuación igual ou superior a 3,5 (sobre 10). Se na primeira proba parcial non se alcanza esa puntuación, poderase recuperar no exame que se celebrará na data oficial recollida na páxina web da facultade (<http://fccee.uvigo.es>), ben na primeira oportunidade (convocatoria ordinaria), ben na segunda oportunidade (convocatoria extraordinaria). Así mesmo, se na segunda proba parcial non se alcanza dita nota mínima poderase recuperar na segunda oportunidade (convocatoria extraordinaria). Se non se alcanza esa puntuación mínima en ambos parciais (ou non se presenta), a nota final máxima da materia será de 4 puntos.

Considerarase que o alumnado se ten presentado á avaliación continua cando non renunciase á devandita avaliación antes da data indicada arriba.

Para poder acollerse ao sistema de avaliación continua, o alumnado debe asistir como mínimo ao 80% das sesións prácticas.

Os estudantes que non participen na AC nin na AG, figurarán nas actas como "non presentados".

Exame global en convocatorias ordinaria, extraordinaria e fin de carreira

O alumnado será avaliado mediante un exame que se celebrará na data oficial recollida na páxina web da facultade e supoñerá o 100% da nota. O exame constará de 2 partes (a primeira corresponderá aos temas 1 a 3 e a segunda aos temas 4 a 6), cada unha das cales supoñerá o 50% da cualificación final. Para aprobar a materia é necesario que a media das cualificacións das dúas partes sexa igual ou superior a 5 (sobre 10), sendo ademais imprescindible que en cada unha das dúas partes se obteña unha puntuación igual ou superior a 3,5 (sobre 10). Se non se cumpre a condición anterior, a nota máxima da materia será de 4 puntos.

Recoméndase ao alumnado ter en conta o Título VII (Do uso de medios ilícitos), do Regulamento sobre a Avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado (<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/normativa/documento/downloadbyhash/4904ced4d24eb81fe5715ddde2c48c59c0a7c4d624cd0e7491df7a753985ccfa>)

As datas e horas das probas de AG (de primeira e segunda oportunidade) son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2023/24. En caso de conflito ou disparidade entre as datas de exames, prevalecerán as publicadas na web da facultade, <http://fccee.uvigo.es>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bel, G., M. Callejón, M.T. Costa y A. Segarra, **Economía Industrial**, Civitas, 2001

Cabral, L., **Economía Industrial**, McGraw-Hill, 1997

Tirole, J., **La Teoría de la Organización Industrial**, Ariel, 1990

Bibliografía Complementaria

Bellflamme, P. y M. Peitz, **Industrial Organization. Markets and Strategies**, Cambridge University Press, 2010

Church, J. y R. Ware, **Industrial Organization: A Strategic Approach**, Irwin-McGraw-Hill, 1999

Fernández de Castro, J. y N. Duch, **Economía Industrial**, McGraw-Hill, 2003

Pepall, L., D.J. Richards y G. Norman, **Industrial Organization. Contemporary Theory & Practice**, 5ª ed., Thomson, 2014

Waldman, D.E. y E.J. Jensen, **Industrial Organization. Theory and Practice**, 3ª edición, Pearson, 2007

Recomendaciones

Materias que continúan o temario

Fundamentos económicos da defensa da competencia/V03G100V01918

Teoría de xogos/V03G100V01916

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Economía: Principios de economía I/V03G100V01102

Matemáticas: Matemáticas I/V03G100V01104

Matemáticas II/V03G100V01303

Microeconomía I/V03G100V01304

Microeconomía II/V03G100V01404

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|------------------------------|--|--------|-------|--------------|
| Macroeconomía II | | | | |
| Materia | Macroeconomía II | | | |
| Código | V03G100V01604 | | | |
| Titulación | Grao en Economía | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 3 | 2c |
| Lingua de impartición | Castelán | | | |
| Departamento | Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas | | | |
| Coordinador/a | Alonso Carrera, Jaime | | | |
| Profesorado | Alonso Carrera, Jaime Loveira Pazo, Rosa María | | | |
| Correo-e | jalonso@uvigo.es | | | |
| Web | http://http://webs.uvigo.es/jalonso | | | |
| Descrición xeral | O obxectivo principal da materia Macroeconomía II é mostrar os alumnos cómo plantexar de xeito riguroso, á vez que sinxelo, as principais cuestións macroeconómicas. As discusións vanse centrar en torno a modelos concretos que intentan describir o comportamento da economía no longo prazo, onde se discuten os efectos que as distintas medidas de política económica teñen sobre as distintas variabeis macroeconómicas. Un aspecto crucial a destacar é o papel que os distintos supostos de partida desempeñan nas conclusións de cada un dos modelos analizados. O programa de macroeconomía II parte dos contidos previamente analizados en Macroeconomía I, para a continuación introducir sucesivamente unha serie de liñas de ampliación dos modelos alí contemplados. En concreto na materia de Macroeconomía II abordaranse as problemáticas económicas relacionadas con el crecimiento económico. | | | |

Resultados de Formación e Aprendizaxe

| | |
|--------|--|
| Código | |
| C2 | Comprender a linguaxe económica básica e o modo de pensar dos economistas |
| C5 | Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos |
| C6 | Adquirir coñecementos de Análise económica |
| C8 | Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido |
| D2 | Capacidade de traballar en equipo |
| D5 | Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas |

Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|--|---------------------------------------|----------|
| Conectar os modelos económicos coa realidade para deste xeito poder emplealo para interpretar e explicar os fenómenos reais. | C5 C8 | D5 |
| Realizar traballos empíricos nos que, empregando as ferramentas presentadas ao longo do curso, demostre a súa capacidade para analizar, sintetizar e finalmente elaborar un informe. | C8 | D2 D5 |
| Interpretar os supostos e fundamentos de modelos macroeconómicos para o estudo de cuestións de longo prazo, sendo capaz de analizalos gráficamente e de resolver matematicamente problemas relacionados. | C2 C5 C6 | |
| Ser capaz de redactar informes nos que, a partir dos resultados dun exercicio cuantitativo, fundaméntense recomendacións simples de política económica | C2 C8 | D5 |
| O alumno familiarizarse na procura de información económica a través de bases de datos de economía así como no manexo de follas de cálculo e linguaxes de programación sinxelos que lles permita organizar a información obtida nas devanditas bases de datos e sacar conclusións. | C8 | |

Contidos

| | |
|--|--|
| Tema | |
| INTRODUCCION | 1. A análise macroeconómica de longo prazo 2. Os feitos empíricos do crecemento económico |
| TEORÍA DO CRECEMENTO ECONÓMICO EXÓXENO | 3. Poboación e crecemento económico. A teoría de Malthus. 4. Acumulación de capital e crecemento económico: O modelo de Solow. 5. Recursos naturais e crecemento económico ¿Existen límites ó crecemento sostido? |

6. O modelo AK de crecemento económico.
7. Automatización e crecemento económico
8. Modelos multisectoriales de crecemento económico. Capital humano
9. Crecemento económico baseado na I+D.

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral | 30 | 60 | 90 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | 12 | 18 | 30 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 6 | 6 | 12 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | 2 | 16 | 18 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|--|
| Lección maxistral | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introducción de algunhas preguntas dirixidas ó estudante, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Nestas aulas expóranse, de xeito resumido, os principais contidos dos distintos temas, desenvolvéndose con maior detalle os puntos de maior complexidade. Para un maior aproveitamento das aulas é necesario que os alumnos preparen con antelación e de xeito individual os temas segundo a bibliografía recomendada. |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Metodoloxía que permite ó alumnado aprender de forma efectiva a través da realización de actividades de carácter práctico tales como exercicios e supostos mediante o uso do aprendido nas leccións maxistras. Os obxectivos desta técnica son: alcanzar unha maior competencia dos contidos aprendidos na teoría e ilustrar as súas potenciais aplicacións. O alumnado resolverá as follas de exercicios de xeito individual o en grupo que deberá entregalos nos prazos establecidos para cada boletín de problemas. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Resolución de problemas de forma autónoma | As tutorías personalizadas concertáranse previamente por correo electrónico (jalonso@uvigo.es). Poderán ter lugar de maneira presencial no despacho 423 da facultade ou virtualmente no despacho virtual 48 (Contraseña estudante: 423jalonso). |
| Lección maxistral | As tutorías personalizadas concertáranse previamente por correo electrónico (jalonso@uvigo.es). Poderán ter lugar de maneira presencial no despacho 423 da facultade ou virtualmente no despacho virtual 48 (Contraseña estudante: 423jalonso). |
| Probas | Descrición |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | As tutorías personalizadas concertáranse previamente por correo electrónico (jalonso@uvigo.es). Poderán ter lugar de maneira presencial no despacho 423 da facultade ou virtualmente no despacho virtual 48 (Contraseña estudante: 423jalonso). |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | As tutorías personalizadas concertáranse previamente por correo electrónico (jalonso@uvigo.es). Poderán ter lugar de maneira presencial no despacho 423 da facultade ou virtualmente no despacho virtual 48 (Contraseña estudante: 423jalonso). |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|---------------|---------------------------------------|
| Resolución de problemas e/ou exercicios | O alumno debe solucionar una serie de problemas plantexados polo profesor e realizar algúns ensaios cortos. O alumno debe aplicar os coñecementos que adquiriu nas sesións maxistras e na resolución de exercicios. | 20 | C2 C5 C6 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | Realizaránse dous exames parciais sobre os contidos da materia. | 80 | C2 C5 C6 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

SISTEMA DE AVALIACIÓN

Seguindo a normativa vixente o alumnado podera optar entre dous sistemas de avaliación: avaliación continua ou avaliación global única. O alumnado debe manifestar expresamente a súa renuncia a avaliación continua antes da celebración do primeiro parcial.

Avaliación continua: Nesta modalidade a nota final da materia será a suma de varias probas de avaliación realizadas o longo do curso:

- **Probas intermedias.** O 20% da nota obterase da entrega de boletíns de exercicios así como pequenas probas que periódicamente se farán nas clases prácticas. A nota correspondente acadada durante o cuatrimestre nestas probas **gardaranse para as convocatorias extraordinarias do presente curso académico.**
- **Exames parciais.** Realizaranse ao longo do curso 2 probas parciais, cunha ponderación do 40% cada unha. A última destas probas terá lugar o mesmo día que o exame final, que pode ser consultado na páxina web de la Facultad <http://fccee.uvigo.es>.

Avaliación global única: Alternativamente ao sistema de avaliación continua, o estudantado poderá optar a ser avaliado cun único exame final que suporá o 100% da cualificación. Este exame terá contido tanto teórico como práctico, e realizarase nas datas oficiais establecidas no calendario de exames, que pode ser consultado na páxina web da Facultade <http://fccee.uvigo.es>. A elección deste método de avaliación debe ser comunicado antes da data na que se fixe o primeiro dos exames parciais.

Na **segunda oportunidade (convocatoria extraordinaria de xullo)**, tamén se pode optar polos dos sistemas de avaliación. De seguir o método de avaliación continua, manterase a nota das probas intermedias do presente curso.

Na **convocatoria de fin de carreira** o sistema de avaliación será o de exame final único, que suporá o 100% da cualificación

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Sorensen, Peter Birch e Whitta-Jacobsen, Hans Jorgen, **Introducción a la Macroeconomía**, 2ª, McGraw-Hill, 2010

Bibliografía Complementaria

Campante, F. Sturzenegger, F. e Velasco, A., **Advanced Macroeconomics**, 1ª, LSE Press, 2021

García Paso, J.I., Valero Perandones, I., Pérez Sánchez, R. y Garcia Greciano, B., **Crecimiento Económico: Modelos Teóricos y Ejercicios Resueltos**, 1ª, Pearson, 2016

Jones, Charles I. e Vollrath, Dietrich, **Introduction to Economic Growth**, 3ª, WW. Norton, 2013

Sala-i-Martin, Xavier, **Apuntes de crecimiento económico**, 2ª, Antoni Bosch, 2000

Weil, David N., **Crecimiento Económico**, 1ª, Pearson, 2006

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Macroeconomía avanzada/V03G100V01912

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Economía: Principios de economía I/V03G100V01102

Economía: Principios de economía II/V03G100V01203

Matemáticas: Matemáticas I/V03G100V01104

Matemáticas II/V03G100V01303

Econometría I/V03G100V01501

Macroeconomía I/V03G100V01503

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|--|--|--------|-------|--------------|
| Políticas económicas comparadas | | | | |
| Materia | Políticas económicas comparadas | | | |
| Código | V03G100V01605 | | | |
| Titulación | Grao en Economía | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 3 | 2c |
| Lingua de impartición | Castelán | | | |
| Departamento | Economía aplicada | | | |
| Coordinador/a | Castro Fernández, Ana Esther Teixeira Bautista, José Francisco | | | |
| Profesorado | Castro Fernández, Ana Esther Teixeira Bautista, José Francisco | | | |
| Correo-e | teixeira@uvigo.es esther@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Esta materia proporciona aos alumnos unha visión das principais políticas económicas de curto prazo aplicadas nos últimos anos. Estúdanse os principais obxectivos de estabilización conxuntural e as características das ferramentas monetarias fiscais e cambiarias. | | | |

| Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|--|--|
| Código | |
| B4 | Autocontrol no sistema de traballo, a respecto de tempo e planificación |
| C3 | Coñecer o marco institucional da economía |
| C5 | Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos |
| C8 | Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido |
| C9 | Identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado |
| C11 | Capacidade de elaborar medidas de política económica para alcanzar uns obxectivos dados |
| C12 | Avaliar, utilizando técnicas empíricas, as consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as máis idóneas |
| D2 | Capacidade de traballar en equipo |
| D4 | Responsabilidade e capacidade de asumir compromisos |
| D7 | Fomentar a actitude crítica e autocrítica |

| Resultados previstos na materia | | |
|--|---------------------------------------|----|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
| O alumno coñece o marco institucional da economía | C3 | |
| O alumno entende as bases de funcionamento da economía | C5 | |
| O alumno sabe buscar e manexar as fontes de información económica relevante e o seu contido | C8 | |
| O alumno é capaz de elaborar medidas de política económica para acadar uns obxetivos dados | C11 | |
| Avaliar, utilizando técnicas empíricas, as consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as máis idóneas | C9 | D7 |
| | C12 | |
| Capacidade de traballar en equipo | B4 | D2 |
| | | D4 |
| | | D7 |
| O alumno ten capacidade crítica e autocrítica | | D4 |
| | | D7 |

| Contidos | |
|-----------------------------|---|
| Tema | |
| Introdución | Políticas de estabilización e obxectivos da política económica |
| Política monetaria | Institucións. Oferta e demanda de diñeiro. Instrumentos de política monetaria. Mecanismos de transmisión. Experiencias de Política monetaria. |
| Política económica exterior | Políticas comerciais. Sistemas cambiarios. Procesos de axuste exterior e equilibrio da balanza de pagos. |
| Política fiscal | Bases teóricas. Políticas de ingreso e gasto. A débeda pública. |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|-------------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral | 30 | 60 | 90 |
| Resolución de problemas | 5 | 5 | 10 |
| Seminario | 5 | 8 | 13 |
| Aprendizaxe colaborativa | 5 | 15 | 20 |
| Flipped Learning | 5 | 10 | 15 |
| Exame de preguntas obxectivas | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|--------------------------|--|
| Lección maxistral | Exposición por parte do profesorado dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante |
| Resolución de problemas | Nas clases prácticas propórase a resolución de problemas por parte do alumnado, con titorización por parte do/a profesor/a. O obxectivo é aplicar os conceptos estudados nas clases teóricas, tanto a supostos hipotéticos como a casos reais. |
| Seminario | Entrevistas que o alumnado mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. |
| Aprendizaxe colaborativa | Organización da clase en pequenos grupos onde o alumnado traballa de forma coordinada entre si para desenvolver tarefas académicas e afondar na súa propia aprendizaxe. |
| Flipped Learning | Algunhas actividades de aprendizaxe realizaranse fora da aula e, coa presenza do/a docente, levaranse a cabo actividades que impliquen o desenvolvemento de procesos cognitivos de maior complexidade. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------------------|--|
| Seminario | As clases prácticas, do mesmo xeito que as titorías en grupo realizadas mediante seminarios, teñen como obxectivo axudar ao alumnado a consolidar os coñecementos adquiridos nas clases teóricas. Ademais, permiten ao profesorado orientar aos/ás estudantes e resolver as dúbidas que poidan xurdir no proceso de aprendizaxe. |
| Resolución de problemas | A resolución de problemas, do mesmo xeito que as titorías en grupo realizadas mediante seminarios, teñen como obxectivo axudar ao alumnado a consolidar os coñecementos adquiridos nas clases teóricas. Ademais, permiten ao profesorado orientar aos/ás alumnos/as e resolver as dúbidas que poidan xurdir no proceso de aprendizaxe. |
| Aprendizaxe colaborativa | O traballo en grupo, coa orientación do profesorado, permítelle ao alumnado ser responsable da súa aprendizaxe e, á vez, a facilitar a aprendizaxe aos seus/súas compañeiros/as. O profesorado supervisa a asignación de tarefas e as discusións teóricas entre os membros do grupo para garantir un bo resultado final. |
| Flipped Learning | Coa metodoloxía Flipped Learning, o profesorado guía e facilita os procesos de aprendizaxe, retroalimenta o desempeño dos equipos de traballo e ao alumnado individualmente, e xenera espazos para a coavaliación e a autoavaliación. |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|--------------------------|--|---------------|--|
| Resolución de problemas | Valorarase a participación nas clases, os exercicios, cuestionarios e calquera outro traballo que se propoña nas clases prácticas. | 10 | B4 C3 C5 C8 C9 C11 C12 D2 D4 D7 |
| Aprendizaxe colaborativa | Valorarase a participación nas clases, os resultados do traballo en grupo e a implicación co mesmo. | 10 | B4 C3 C5 C8 C9 C11 C12 D2 D4 D7 |
| Flipped Learning | Valorarase a participación nas clases e os resultados do traballo realizado. | 10 | B4 C3 C5 C8 C9 C11 C12 D2 D4 D7 |

| | | | | |
|-------------------------------|---|----|----|-----------------------------|
| Exame de preguntas obxectivas | Realizaranse ao longo do curso exames de preguntas obxectivas sobre o temario da materia. Esíxese un nivel mínimo de coñecementos para superar a materia. | 70 | B4 | C3 C5 C8 C9 C11 |
|-------------------------------|---|----|----|-----------------------------|

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado pode elixir entre seguir un sistema de avaliación continua ou ben facer unha proba de avaliación global. Neste último caso, terá que demostrar que adquiriu as competencias esixidas na materia, do mesmo modo que se seguira un proceso de avaliación continua. Tanto co proceso de avaliación continua como co global poderase obter o 100% da cualificación.

Os/as alumnos/as que renuncien ao sistema de avaliación continua deberán comunicarllo á persoa coordinadora da materia nas primeiras semanas do cuadrimestre (unha vez iniciadas as clases prácticas).

- No proceso de avaliación continua terase en conta o resultado das actividades realizadas nas clases prácticas e o resultado das probas parciais desonvolvidas durante o curso. As actividades das clases prácticas ponderan un 30% do total da materia. As probas parciais ponderan, **entre todas**, un 70% do total da materia. En calquera caso, ningunha destas probas ponderará máis do 40% do total da materia. Por necesidades de organización docente, a última destas probas parciais poderá realizarse na mesma data que a proba de avaliación global oficial da materia.
- Para superar a materia polo sistema de avaliación continua esíxese unha cualificación superior a 4 puntos sobre 10 tanto nas probas correspondentes á docencia práctica como nas probas parciais. En calquera caso, para superar a materia, a nota media ponderada das probas realizadas ao longo do curso ha de ser igual ou superior a 5 puntos sobre un total de 10.
- A cualificación obtida nas prácticas, para aquel alumnado que o solicite, manterase até a segunda convocatoria.
- Alternativamente ao sistema de avaliación continua, o estudantado poderá optar a ser avaliado cunha única proba de avaliación global que suporá o 100% da cualificación. A proba dividirase en dúas partes: unha de contidos teóricos e outra de contidos prácticos. A parte teórica ponderará o 70% do total; a parte práctica ponderará o 30% do total. Isto tamén será de aplicación na segunda convocatoria. Para superar o exame esíxese unha nota mínima de 4 puntos sobre 10 en cada unha das partes. En calquera caso, para poder superar a materia, a nota media ponderada das distintas partes do exame ha de ser igual ou superior a 5 puntos sobre 10.
- Na convocatoria de Fin de carreira o exame suporá o 100% da cualificación.

O horario de titorías poderá ser consultado na web da materia en Moovi. As datas de exames deberán ser consultadas na Páxina web da Facultade: <http://fccee.uvigo.es>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Aranda, E. Pérez Moreno, S. y Sánchez Andrés A. (coord.), **Política económica y entorno empresarial**, Pearson, 2017

Cuadrado Roura, J. R. (dir), **Política económica. Elaboración, objetivos e instrumentos**, McGraw Hill, Madrid, 2023

Ochando, C. (coord), **Políticas Económicas coyunturales. Objetivos e instrumentos**, Tirant lo Blanch, 2021

Bibliografía Complementaria

Castro A.E. y Teixeira, J.F., **Luces y sombras de las uniones económicas**, RBA, 2017

BCE, **La política monetaria del BCE**, BCE,

Blanchard, O. et al., **Rethinking Macroeconomic Policy**, IMF, 2010

Blanchard, O., **Fiscal Policy Under Low Interest Rates**, MIT Press, 2022

Cuadrado Saez et al., **Medidas de política fiscal en respuesta a la crisis sanitaria en las principales economía del área euro , EEUU y Reino Unido**, nº 2019, Banco de España. Documento ocasional, 2020

Fernández Díaz A. et al, **Política monetaria. Fundamentos y estrategias.**, Editorial AC, Madrid, 2011

Krugman, P.R. y Obstfeld, M, **Economía internacional : teoría y política.**, Pearson Educación, Madrid, 2016

Mankiw, N. Gregory, **Macroeconomía**, Antoni Bosch, 2020

Parejo, J.A et al., **Manual de sistema financiero español**, Ariel. Barcelona, 2018

Pierce, D.G. and Shaw, D.M., **Economía monetaria. Teorías, evidencia y políticas**, ICE, 1976

Servicio de Estudios del Banco de España, **La política monetaria y la inflación en España**, Alianza, Madrid, 1997

Banco Central Europeo, <http://www.ecb.europa.eu/home/html/index.en.html>,

Banco de España, <http://www.bde.es>,

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Política económica/V03G100V01504

Outros comentarios

Recoméndase que os/as alumnos/as cursen a materia de Política Económica.
